



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org CIF: G-15037211

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 07/06/2018 11:33:34

ENTRADA 13658 / RX 1538750



Sra. Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio
Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas

Xunta de Galicia

ASUNTO: Consultas sobre o trámite de avaliación de impacto ambiental do simplificado do proxecto de "Construción dunha ponte sobre o río Támega, no núcleo rural de Queizás" en Verín (Ourense) promovido polo Concello de Verín, clave 2018/0049.

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que o Decreto 72/2004 (DOG nº 69 de 12-04-2004) declarou como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais ES1130005 ao río Támega nos concellos de Castrelo do Val, Laza, Monterrei, Oimbra e Verín, incluído na Rede Europea Natura 2000 pola Decisión da Comisión Europea de 07-12-2004 que aprobou a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica (DOCE nº L387 de 29-12-2004).
2. Que a ZEC ES1130005 está enclavada no límite das Rexións Bioxeográficas Atlántica e Mediterránea, con fauna e flora de ambas rexións asociadas ao seu curso fluvial e lagoas circundantes, ao bosque de ribeira e á vexetación palustre, e con notables valores ambientais:
 - a. Corredor verde ou zona de tránsito entre a depresión de Monterrei, o sistema montañoso do Macizo Central (LIC ES1130002), Serra do Larouco, Penas Libres e a conca do Douro, a través do río Támega e os seus afluentes Búbal e Porto. Esta distribución xeográfica, asegura o movemento de poboacións faunísticas entre zonas e o intercambio de materiais xenéticos.
 - b. Hábitats. Case a metade da superficie da ZEC está constituída polo hábitat de conservación prioritaria 91E0 Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*, destacando tamén a presenza dos hábitats acuáticos 3110 Augas oligotróficas das chairas areosas (*Littorelletalia uniflorae*) e 3150 Lagos e lagoas eutróficas con vexetación de Magnopotamion ou Hydrocharition.
 - c. Biodiversidade. A converxencia xeográfica, a influencia humana, os hábitats terrestres e acuáticos, conformaron unha área complexa cunha notable biodiversidade tanto florística como faunística, onde se conservan especies sensibles que poden ser importantes na colonización doutros espazos e hábitats degradados. Téñense contabilizadas 208 especies de vertebrados: 5 peixes (3 endémicos), 12 anfibios (4 endémicos), 16 réptiles (3 endémicos), 131 aves e 44 mamíferos (3 endémicos), dos cales 2 peixes, 125 aves, 32 mamíferos e todos os anfibios e réptiles teñen algún grao de protección pola Directiva Hábitats ou o Convenio de Berna.
 - d. Paisaxe. Os cursos de auga, a interconexión de áreas agrícolas, pastos e arborado con aproveitamentos agrosilvopastorais constitúen unha das unidades de maior valor dende o punto de vista paisaxístico debido á complexidade dos elementos que converxen nun espazo. No tramo Pazos - Queizás, o río co seu arborado e zonas anexas constitúe un elemento destacado dentro da definición paisaxística da depresión de Monterrei.
 - e. Recursos científico-educativos. Disponibilidade inmediata para a realización de traballos prácticos e estudos diversos relacionados coa conservación do medio natural e o mantemento dunha superficie protexida que sirva como exemplo dos procesos naturais e ilustre sobre a distribución das especies e a súa conservación.
 - f. Recursos sociais e recreativos. Disponibilidade inmediata para o estudo da problemática derivada da súa proximidade a unha poboación sen espazos verdes ou reducidos con diversas obras de urbanización. Disposición de áreas de ocio e lecer, que convenientemente xestionadas facilitarán ós cidadáns unha mellor comprensión e entendemento da Natureza. Disposición de lugares para a práctica do sendeirismo e actividades similares.



3. Que o “treito Pazos- Queizás” é un dos ensanchamentos máis notables da ZEC. Situado na súa parte central é unha zona húmida asolagable cunha superficie de 46 ha e larguras notables, cuns 350 m na parte Norte e uns 500 na central. O treito está cuberto por unha densa capa arbórea, variada e en bó estado de conservación que constitúe unha illa verde en medio dunha chaira cultivada e desarboreada de 5.000 ha.
4. Que a construción da ponte viría a dar continuidade ás pistas en pedraplén construída hai máis de 30 anos para dar unha saída a un pequeno espazo industrial nas proximidades de Pazos (Verín). Para a súa construción se utilizaron toneladas de entullos que sepultaron parcialmente a zona húmida e dividiron en dous o treito da ZEC cunha traza sobreelevada, a modo de presa, que impide o normal discorrer das augas nas enchentes, rompe a continuidade da vexetación natural na superficie con maior largura, propicia a entrada de varias especies vexetais de forte carácter invasor como *Acacia dealbata*, e dificulta a conectividade lonxitudinal do sistema fluvial e, polo tanto, a súa utilización como corredor verde pola fauna nos seus desprazamentos. A pista facilitou o acceso ata as marxes do río e se utiliza para depositar todo tipo de residuos, contribuíndo de maneira notable á degradación do espazo supostamente protexido pola ZEC. A pista pasa pola zona denominada “O Placer” a escasos metros dun edificio histórico para o que a Consellería de Cultura, Educación e Ciencia iniciou o expediente para a súa inclusión no “Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia”. A construción da ponte vai vencellada á pretensión de transformar esta pista de 5-6 m de largura nunha estrada de 20 m de plataforma buscando o enlace do espazo industrial coa estrada de Verín a Portugal. O seu trazado é unha liña recta proxectada sen consideracións ecolóxicas ou sociais, posto que atravesa e divide o “treito Pazos - Queizás” rompendo a continuidade do espazo protexido e afectando a unha zona de uso exclusivamente residencial en Queizás.
5. Que no Documento de sesión A5-0387/200 do Parlamento Europeo indícase:
 - a. Apartado G.- *“Que a política comunitaria relacionada coa conservación da natureza, que na actualidade se centra na designación de zonas protexidas, debe centrarse progresivamente, polo contrario, na xestión e a conservación destas zonas, e subliñando a necesidade de que os Estados membros elaboren medidas de xestión para as zonas englobadas en Natura 2000 e establezan mecanismos de seguimento que contén cos indicadores pertinentes”.*
 - b. Apartado J.- *“Que as infraestruturas, como estradas, presas e portos, divíden as paraxes e separan ós distintos grupos de flora e fauna entre si; que a fragmentación e a redución do tamaño dos hábitats provocan o aillamento dos distintos grupos de poboación entre si, co que se reducen os intercambios xenéticos e se pon en perigo a súa supervivencia e o establecemento da Rede Natura 2000 como rede ecolóxica coherente baseada nas zonas de protección especial (ZPE) da Directiva relativa ás aves e as zonas especiais de conservación (ZECC) a as que se fai referencia na Directiva sobre os hábitats; que a existencia de pasillos e zonas amortecedoras ecolóxicas é un elemento esencial para a conservación da natureza en Europa; que son necesarias zonas de protección interrelacionadas de maior tamaño para garantir o éxito da Directiva sobre os hábitats; que é urxente melloras no estudo sobre el impacto medioambiental e proceder a unha avaliación medioambiental estratéxica dos proxectos de transporte e das demais iniciativas de utilización do territorio para garantir a coherencia de Natura 2000”.*

Por todo o cal,

SOLICITA

1. Que a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emita unha declaración de impacto ambiental desfavorable e NON autorice o proxecto.
2. Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, conxunta e coordinadamente co Concello de Verín e a Confederación Hidrográfica do Duero, aborden unha reordenación do sistema viario existente na zona:
 - a. Suprimindo a actual pista de terra que fragmenta en dous a zona de maior largura da ZEC neste treito, procedendo á retirada dos entullos cos que se construíu e dos residuos verquidos, a eliminación das especies exóticas invasoras (nomeadamente *Acacia dealbata*) e a restauración da zona asolagable.
 - b. Suprimindo a pista de terra que percorre uns 1000 m da marxen dereita do río Támega á altura do núcleo rural de Pazos e se construíu en escolleira, alterando a marxe do río, talando o arborado ripícola e destruíndo a vexetación de ribeira coa conseguinte perda de calidade ambiental, e efectos secundarios sobre flora e



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://www.sghn.org> e-mail:sghn@sghn.org CIF: G-15037211

3/3

fauna e sobre a calidade das augas.

- c.: Contemplando como máximo a posibilidade de construír unha nova estrada e unha ponte uns 225-250 m ao N-NE do punto actualmente proxectado, aproveitando un estreitamento da ZEC para minimizar o impacto sobre o espazo protexido e conectando coa estrada que circunvala polo N o polígono industrial. Para facilitar a conectividade lonxitudinal da ZEC, facilitando os desprazamentos da fauna e evitando o efecto represa da infraestrutura durante as enchentes, todo o treito da estrada dentro da ZEC debería deseñarse en ponte e "falsa ponte" con amplos vanos que permitan o tránsito libre e seguro da fauna, e pantallas que eviten a mortandade de avifauna.

En Santiago de Compostela a 6 de xuño de 2018

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto

